

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Industria e Innovación

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Enerxía e Minas

Acordo do 3 de abril do 2024 da X. T. da Coruña, polo que se somete a IP as autorizacións admtvas. previa, construción e DUP, en concreto, da instalación de distribución de enerxía eléctrica no Concello de Bergondo (expediente: IN407A 2023/454-1)

Acordo do 3 de abril do 2024 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Bergondo (expediente: IN407A 2023/454-1).

Expediente: IN407A 2023/454-1.
Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.
Denominación: Regulamentación LMT PED-704 - apoio AN2WTJQJ//33.
Termo municipal: Bergondo.

1. Características técnicas:

Modificacións, sen alterar a súa actual traza, do treito da liña PED-704 rexistrado no expediente IN407A 2016/2032-1, de 322,1 metros de lonxitude en condutor tipo LA-110, comprendido entre o apoio nº 32 (matrícula: AN65CQ6F) metálico tipo AM-ANG-4500/26-T-CAII-2(CD-CAI), do que parten as derivadas aos CCTT Tatín Iglesia (matrícula: 15CIY7), Gandarío (matrícula: 15A462) e Lagoa Ouces (matrícula: 15A478) e o apoio nº 34 (matrícula: AN1CXO49) de formigón tipo S-AL-HV-650/12-B1-CSRII, consistentes en:

- Desconexión e desmontaxe do condutor tipo LA-110 (condutor existente) e desmontaxe do condutor de fibra óptica, no treito de 205,7 metros de lonxitude comprendido entre o apoio nº 32 e o apoio nº 33 (matrícula: AN2WTJQJ) de formigón tipo AM-AG-HV-1000/14-T-CAII.
- Substitución, mantendo o seu actual emprazamento na parcela con referencia catastral 15008A055001960000XY cun lixeiro desprazamento cara ó apoio nº 34, do apoio nº 33 antes indicado, polo novo apoio metálico tipo AM-C-3000/18-H35-CAIII(CS). Este novo apoio terá a condición de frecuentado.
- Tendido de novo condutor tipo LA-110 e montaxe e retensado do condutor de fibra óptica (condutor existente), no vano da liña PED-704 de 205,7 metros de lonxitude comprendido entre o apoio nº 32 existente e o apoio nº 33 unha vez substituído.
- Retensado do condutor tipo LA-110 (condutor existente) no vano da liña PED-704 de 116,4 metros de lonxitude comprendido entre o novo apoio nº 33 proxectado e o apoio nº 34 existente.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE nº 310, do 27/12/2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19/03/2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE nº 351, do 17/12/1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE nº 160, do 20/06/1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta a este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, levará implícita en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17/12/1954).

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Bergondo.

Ademais, poderase consultar no Portal de transparencia e goberno aberto da Consellería de Economía, Industria e Innovación:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral, das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo e das persoas titulares de dereitos reais e/ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos.

Poderán examinar a documentación técnica, e de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren axeitadas no prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña, 3 de abril do 2024

Isidoro Martínez Arca

Xefe territorial da Coruña

ANEXO:

Regulamentación LMT PED-704 - apoio AN2WTJQJ//33.								
Relación de bens e dereitos afectados - termo municipal de Bergondo.								
Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral	Paraxe	Afección pleno dominio (CT e/ou apoios)		LMT aérea - voo (servidume de paso de enerxía eléctrica)		Natureza do terreo
				CT / N° do apoio	Superficie (m2)	Lonxitude (m)	Superficie (m2)	
1	José Luis García Calviño	15008A055001960000XY	Cuesta (A Lagoa)	Novo apoio nº 33	2			Rústico, agrario. Labor ou labradío de secaño

2024/2237